



III XORNADAS “OLGA GALLEGO” DE ARQUIVOS  
“Novos retos: arquivística para mañá”

## Comunicacións:

As comunicacións poderán versar sobre calquera aspecto relacionado co tema das Xornadas. Valoraranse especialmente textos que acheguen reflexións ou relaten experiencias concretas, por modestas que sexan, sobre os aspectos prácticos da implantación do arquivo electrónico ou do desenvolvemento de políticas de descrición documental que teñan en conta o novo ecosistema dixital. Por exemplo, e de maneira orientativa, pero non excluínste:

### A implantación do arquivo electrónico

- Experiencias concretas na elaboración de Políticas de Xestión Documental.
- Experiencias de implantación da Administración electrónica e de sistemas de arquivo electrónico.
- Problemas organizativos e técnicos na implantación dos sistemas de arquivo electrónico.
- A posición do arquivo electrónico no sistema de arquivo da organización

### Desenvolvemento de políticas e de novos modeloss de descrición arquivística

- Estratexias de descrición documental nun entorno cambiante
- Dixitalización e descrición documental
- Programas colaborativos de descrición documental
- Administración electrónica, arquivo electrónico e descrición documental
- Relacións entre os sistemas de arquivo electrónico e as aplicacións de descrición documental tradicionais

Lingua: galego, castelán ou portugués.

Extensión: non superarán 15 folios tamaño A4.

Tipo de letra: Times New Roman, 12, un espazo. Os formatos do texto serán Word, RTF e Open Office

Detalles: Nome + institución + título



### III XORNADAS “OLGA GALLEGO” DE ARQUIVOS “Novos retos: arquivística para mañá”

Enderezo: correo electrónico e teléfono de contacto.

Data límite de recepción: 1 de outubro de 2018.

Resumo: acompañaranse dun resumo en calquera das linguas sinaladas, así como en inglés. Incluirá palabras clave descritivas do contido do texto. O resumo non poderá exceder de 300 palabras.

Avaliación: as comunicacións serán examinadas polo comité científico, quen determinará a súa aceptación ou non.

Publicación: todas as comunicacións aceptadas de persoas que acrediten a súa asistencia publicaranse nas Actas das Xornadas, que terán formato electrónico e estarán accesibles de forma permanente na páxina web da Fundación.

### **Instrucións:**

As citas de máis de 5 liñas identificaranse de forma clara, separándoas da marxe esquerda. As citas de menos de 5 liñas inclúiranse no parágrafo utilizando comiñas para a cita directa e comiñas simples para as citas dentro das citas.

As figuras incluídas no texto proporcionaranse en versión electrónica en ficheiros separados.

Para os gráficos vectoriais, recoméndase o formato EPS.

Para os gráficos en mapa de bits, preferirase o formato TIFF.



### III XORNADAS “OLGA GALLEGO” DE ARQUIVOS “Novos retos: arquivística para mañá”

A resolución óptima será de 600 ppp, pero acéptase a 300 ppp.

Sistema de citas: Autor-datas (as referencias citaranse de forma breve no texto, normalmente entre parénteses, co apelido do autor, a data da publicación e o ano). A información bibliográfica completa darase ao final do traballo nunha lista de referencias.

#### **Referencias**

Os formatos para as referencias bibliográficas serán os seguintes:

##### **Artigo de revista:**

Apelido, Nome; Apelido2, Nome2. "Título (Artigo)". En: Título (Revista), Ano, Mes, v. [número (volume)], n.[número], pp. [páxina de inicio]-[páxina final].

##### **Comunicación presentada a unha conferencia:**

Apelido, Nome; Apelido2, Nome2. "Título (Comunicación)". En: Título (Conferencia), Ano,

##### **Libros, informes:**

Apelido, Nome; Apelido2, Nome2. Título. Lugar: Editor, Ano.

##### **Capítulo de libro:**

Apelido, Nome; Apelido2, Nome2. "Título (Capítulo)". En: Apelido, Nome; Apelido2, Nome2. Título (Libro). Lugar: Editor, Ano, pp. [páxina de inicio]-[páxina final].

##### **Recurso electrónico:**



### III XORNADAS “OLGA GALLEGO” DE ARQUIVOS “Novos retos: arquivística para mañá”

Apellido, Nome; Apellido2, Nome2. "Título (Recurso)". Consulta: Día-Mes-Año.  
URL

Copyright

#### **Figuras/Fotografías**

As figuras/fotografías aparecerán enriba da súa lenda.

Figura 1: Título. Crédito

Todas as fotografías, gráficos, diagramas, etc., citarnse como “Figura” e nomearanse de forma consecutiva (1, 2, 3, etc.).

As figuras compostas etiquetaranse con letras subíndice (a, b, c, etc.).

Proporcionara unha lenda detallada, sen abreviaturas, a cada figura.

#### **Táboas**

As táboas aparecerán debaixo da súa lenda; calquera nota aparecerá debaixo da táboa.

Táboa 1: Título da táboa

Nas táboas, as notas ao pe son preferibles ás explicacións longas na cabeceira ou no corpo da táboa. Tales notas, identificadas por letras superíndice, colocaranse inmediatamente debaixo da táboa.